



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DA UNRWA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO "IMPULSAR LA PREVENCIÓN DE LA VIOLENCIA DE GÉNERO Y GARANTIZAR LA PROTECCIÓN DE MUJERES Y NIÑAS REFUGIADAS DE PALESTINA EN JORDANIA, 2025"

(1) No mes de decembro de 2017 aprobouse o documento refundido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o cal recolle varias medidas en materia de cooperación internacional, tales como promover que no marco da cooperación internacional destínense recursos para medidas específicas contra a violencia machista dentro dos protocolos de actuación en campos de refuxiados e refuxiadas (trata, agresións sexuais...) (Medida 36 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

O 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Así mesmo, pola Conferencia Sectorial de Igualdade do 3 de marzo de 2023 aprobouse o Plan Conxunto Plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

Ademais, o 4 de agosto de 2022 aprobouse o I Plan Galego contra Trata de Seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, e na área estratéxica 2, Reforzo dos procesos de prevención, detección, identificación e protección das vítimas prevé, na medida 2.1.1, o fomento da colaboración con institucións e entidades do terceiro sector que desenvolvan proxectos sociais con mulleres de países en vías de desenvolvemento, para informalas e orientalas sobre os riscos nos procesos migratorios e as situacións de trata e explotación sexual.

Dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado refírense a competencias específicas sectoriais de distintos organismos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Loita con a Violencia de Xénero puxo ao dispor dos devanditos organismos os fondos necesarios para a execución das medidas correspondentes por razón da materia, en aras dunha xestión máis eficaz e eficiente das mesmas. Entre os devanditos organismos atópase a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que colabora no desenvolvemento da medida 36 do Pacto referida a "Promover que no marco da cooperación internacional destínense recursos para medidas específicas contra a violencia



machista dentro dos protocolos de actuación en campos de refuxiados e refuxiadas (trata, agresións sexuais...)”.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento. Unha das prioridades establecidas na Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é o ámbito da acción humanitaria de emerxencia. O V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 recoñece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico, polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables, na que se inclúe o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes: A situación da poboación palestina é crítica dende fai varios anos, tanto para o caso dos habitantes do territorio palestino ocupado coma para a poboación refuxiada palestina nos diferentes países de acollida.

No ano 2010 asinouse coa UNRWA un Memorando de entendemento a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de cooperación e axuda humanitaria para contribuír a mellorar as condicións de vida dos refuxiados palestinos. En concreto, desenvolveuse un plan operativo en apoio ao programa de seguridade alimentaria de nenos e nenas na franxa de Gaza que obtivo moi bos resultados. O importe deste plan operativo foi de 20.000 €.

No ano 2011, trala extinción da FAHG, retomouse o apoio a esta Axencia das Nacións Unidas dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinándose un convenio de colaboración para apoiar o programa de “compensación alimentaria escolar da UNRWA en Gaza” por importe de 25.000 €.

No ano 2012 apoiouse novamente o citado programa de compensación alimentaria escolar en Gaza, coa sinatura dun convenio por importe de 25.000 €.

No 2013, en substitución do programa de compensación alimentaria escolar, suspendido tras unha nova ofensiva militar Israelí, asinouse un convenio para o apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na Franxa de Gaza, por importe de 10.000 €.





No 2014 asinouse un convenio para dar continuidade ao noso apoio ao programa de compensación alimentaria familiar para reducir o impacto do bloqueo sobre as familias refuxiadas máis necesitadas, por importe de 20.000 €. Ademais o empeoramento da situación en Gaza, despois da operación Protective edge, fixo que se asinara un segundo convenio para brindar apoio psicosocial ás vítimas, por importe de 19.975 €.

No 2015, 2016, 2017 e 2018 mantívose o apoio da Xunta de Galicia ao programa de seguridade alimentaria para as familias coa firma de convenios anuais, cun importe de 20.000 € cada un.

No 2019 asinouse un convenio de 130.000€ no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para contribuír á redución e a prevención de casos na comunidade refuxiada de Palestina en Líbano. O ano 2020 asináronse dous convenios, un para o proxecto de "garantizar el derecho a la salud de las personas refugiadas de palestina en la Franja de Gaza frente a la amenaza del Covid-19" por importe de 30.000,00 € e outro para a "protección y atención a las mujeres supervivientes víctimas de violencia machista en los campos de población refugiada de la Franja de Gaza durante la pandemia de Covid-19", no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero por importe de 84.000,00 €, ao que se lle deu continuidade no 2021, 2022, 2023 e 2024. Co presente convenio no ano 2025 preténdese promover o dereito das mulleres e a infancia refuxiada de Palestina en Jordania a vivir de forma libre, segura e en paz, garantindo a protección das mulleres, nenas e nenos refuxiados de Palestina (titulares de dereitos) fronte á violencia de xénero en Jordania.

(3) Finalidade: Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a entidade UNRWA España para a execución do proxecto "impulsar la prevención de la violencia de género y garantizar la protección de mujeres y niñas refugiadas de palestina en Jordania, 2025", en cumprimento da medida 36 do pacto de estado contra a violencia de xénero.

(4) O convenio ten por obxecto promover o dereito das mulleres e a infancia refuxiada de Palestina en Jordania a vivir de forma libre, segura e en paz, garantindo a protección das mulleres, nenas e nenos refuxiados de Palestina (titulares de dereitos) fronte á violencia de xénero en Jordania.





(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso unir esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada, con atención especial á loita contra a violencia de xénero.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 84.000 € (oitenta e catro mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Jesús Gamallo Aller

